

Comentarios no [blog do ies Sánchez Cantón](#) no curso 2007-2008

1. Teño que recoñecer que este libro, para ser de relatos, gustoume moito. Paréceme que o autor soubo facer os relatos de forma que conseguiu manter o interese polo libro e, ademais, como son todos máis ou menos da mesma lonxitude, ningún chega a aburrirete. Os dous relatos que máis me gustaron foron o do neno que buscaba polo monte a unha fada cunha tenda, e que, cando a encontra, a fada pon un cartel que di: *pechado por defunción*, aínda que non cheguei a entendela ben do todo, e tamén o da muller que era medio meiga, e tiña un espello no que vía a vida dos demais. Definitivamente, é un libro que recomendo ler porque é moi entretido e lese moi rápido. **(Clara)**

2. O libro gustoume polo seu carácter tan galego e con isto refírome a que o autor conta pequenas historias de personaxes, semellando crenzas, ritos, supersticións... Entre os que máis me gustaron están: O cabalo de Alberte Merlo, A tía Remedios, A orella dereita de Antón Leivas, Hermelinda da Ponte... neste último a muller remata sendo "provedora de lures dos Reises de Portugal". Aínda que atopei ao libro no seu conxunto un bo exemplo do que serían pequenas lendas galegas, encontrei que ás veces ao ser tan curtos e tantos, cando acabas de situarte no anterior xa comeza o seguinte e pode chegar a saturarte. **Paula)**